

FALTAS DE ASISTENCIA DO ALUMNADO

- As faltas de asistencia reiteradas poden provoca-la imposibilidade da aplicación correcta da avaliación continua.
- Como maneira inmediata admítase dita xustificación por teléfono ou nun escrito dirixido ó titor/a. Nos informes trimestrais faránse constar as faltas xustificadas e sen xustificar.
- Nos casos de faltas reiteradas de asistencia, mandarásese escrito a través da secretaría do Centro, deixando constancia no libro rexistro de saídas, sen perxucio de que ó par se estableza contacto telefónico coa familia.
- Cando xa as faltas sen xustificar sexan reiteradas, a Dirección do Centro poñerá o feito en coñecemento de Servicios Sociais e Inspección educativa.

NORMAS PARA MELLORAR A SAÚDE:

- Para o recreo débese traer unha peza de froita, bocadillo, galletas, iogures, cereais ou calquer outro alimento saudable. Para evitar os envoltorios recomendamos que se utilicen fiambreiras ou bolsiñas de tea.
- Para as celebracións dos cumpreanos no colexio non se poden traer as típicas bolsas cheas de larpeiradas (chicles, gominolas,....)
- Non se permite traer refrescos.
- Non se permite repartir invitacións de cumpreanos.

PLANS E PROXECTOS DO CENTRO:

- Plurinfantil en psicomotricidade.
- Plurilingüismo de 1º a 6º de Primaria en Ed. Física e Plástica.
- Plan de Mellora de Bibliotecas no 11º ano.
- Proxecto Abalar en 5º e 6º de Primaria.
- Proxecto Voz Natura.
- Plan de Convivencia.
- Plan de Autoprotección.
- Plan de Atención a Diversidade.
- Plan Lector.
- Plan de Reforzo: PROA
- Plan Proxecta.
- Proxecto Patios Dinámicos.
- Proxecto Faro da Escola.

CEIP PLURILINGÜE AS SOLANAS NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO A GUARDA

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

c / O Rosal, s/n
36780 A Guarda
Tel : 886110075

Correo electrónico : ceip.solanas@edu.xunta.es
Páxina Web : <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsolanas>

O NOSO CENTRO:

- O horario é de xornada contínua de 09:00 a 14:00 horas.
- O horario de atención de dirección de 13:10 a 14:00 horas.
- O horario de atención as familias por parte dos titores/as e especialistas do centro é os martes de 16.00 a 17.00 horas.
- O/A Orientador/a está no centro os Luns, Mércores e Venres. Para ser atendidos pedirase cita previamente.
- A Biblioteca está aberta todas as tardes de 15:30 a 17:30 horas agás os martes.
- O comedor escolar é de 14:00 a 16:00 horas.

ENTRADAS E SAÍDAS

- Tanto o alumnado de Infantil coma o de Primaria, mentres non é hora de entrar nas aulas, permanecerá no interior do recinto, acompañado dos pais/nais ou acompañantes, ata que soe o timbre que indicará a hora de entrar.
- No edificio de Ed. Infantil a entrada será polo patio verde interior, 5 anos pola súa aula e 3 e 4 anos pola porta traseira hacia as escaleiras nas que farán fila para subir.
- Os alumnos/as de Ed. Infantil sairán polo patio verde traseiro.
- O alumnado de Primaria, entrará con orde, sen empurrar e dirixíndose cada quen para a súa aula sen correr, debendo estar aberta a aula ata que estea dentro o mestre ou mestra correspondente.
- A mesma norma serve para as saídas, tanto do recreo coma ó remate da xornada.
- Nas saídas fóra do centro, non se devolve o importe do autobús se o alumno/a non pode ir, e tampouco as entradas con pago anticipado.

ATENCIÓN Ó ALUMNADO ACCIDENTADO

- Co fin de facilitarlle-la asistencia sanitaria ós nenos e nenas que sufran algún tipo de accidente durante a actividade escolar ou no recreo, solicitarase no momento da admisión no centro, unha fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou doutra entidade sanitaria, que se arquivará coa demais documentación.
- En caso de accidente, o Centro chamará inmediatamente á familia e o 112 (dependendo da circunstancia) e no caso de non poder facerse cargo ou a

urxencia o requira, a dirección ou o titor/a ou calquera mestre dispoñible ou a ambulancia, trasladaráo ó Centro Sanitario da S. Social ou outro centro próximo.

- Co fin de atender pequenos percances que non requiran asistencia médica, dispónse de botiquíns nos dous edificios e nas dependencias de Educación Física.
- En ningún caso se lle administrarán medicinas, en casos excepcionais a familia deberá deixar constancia de “qué, cómo e cando” administrar o medicamento por escrito ó titor/a. En ningún caso o alumnado terá a medicina con eles.

CONTROL DAS PERSOAS QUE ACCEDEN Ó CENTRO – PROTECCIÓN DO ALUMNADO

- **A partir das 09.00 horas non se pode acceder as clases, nin ós corredores, nin ós patios** sen a debida autorización da Dirección.
- **As 09:00 horas se pechará o portalón**, tanto en Infantil coma en Primaria, e a porta de acceso os edificios. A partir desa hora haberá que chamar o timbre para entrar. As persoas de garda serán as encargadas de abri-la porta.
- O alumnado que chegue tarde terá que entrar cos seu/súa proxenitor/a, quen deberá asinar no libro de rexistro de faltas de puntualidade en secretaría.
- Os pais/nais de Ed. Infantil que cheguen tarde terán que levar os seus fillos/as o edificio de Primaria para que algún mestre/a os acompañe.
- Non está permitido colocar nos taboleiros ningún papel sen o coñecemento da Dirección do centro.
- Durante o horario escolar o alumnado só poderá abandona-lo Centro co permiso da Dirección e/ou o seu mestre/a e sempre que se fagan cargo o pai, a nai ou persoa autorizada e coñecida. En ningún caso se pode volver á casa sos durante as horas de clase, aínda que sexa inmediatamente despois da entrada.
- No momento de recoller o alumno/a, tanto de Infantil coma de Primaria, a persoa responsable pasará pola secretaría e asinará no libro de saídas mentras alguén dispoñible vai a buscar o alumno/a a súa aula. Tamén pola tarde no PROA.